

A LENDA DE BREOGÁN

Conta a lenda que hai moitos anos Galicia tivo un rei celta chamado Breogán.

Encantáballe o mar, así que mandou construír unha cidade preto da costa á que chamou Brigantia. Nesa cidade construíu unha torre moi alta desde a que se vía o océano inmenso. Dende aquela torre díse que o seu fillo, Ith avistou Irlanda.

Isto é unha lenda pero a orixe da torre é descoñecido, aínda que foi reedificada polos romanos no século I. A Torre de Hércules foi construída como faro de navegación e chegou ata a nós tal e como a coñecemos

- Como se chamaba a cidade que mandou construír Breogán?
 - a. Galicia
 - b. A Coruña
 - c. Brigantia
- Como se chamaba o seu fillo?
 - a. Ith
 - b. Breogán Junior
 - c. Hércules
- Que país viu Ith dende a torre?
 - a. España
 - b. Irlanda
 - c. Italia
- Cal é a orixe que se coñece desta torre?
 - a. A reedificaron os romanos
 - b. Foi construída por Hércules.
 - c. É un faro da época actual.
- Como se chama esa torre?
 - a. A Torre de Hércules
 - b. O faro de Breogán
 - c. O faro de Irlanda
- Onde a podemos visitar?
 - a. Santiago de Compostela
 - b. Vigo
 - c. A Coruña